Published on *Instituto Galego do Consumo e da Competencia* (https://consumo.xunta.gal)

Laboratorio de consumo

O Laboratorio de Consumo de Galicia (**LCG**), é o **centro no que se realizan as análises e os ensaios sobre produtos industriais non alimenticios presentes no mercado**, co fin de avaliar a súa conformidade coas regulamentacións técnicas referidas tanto á calidade como á seguridade.

Realiza ensaios sobre produtos de consumo co fin de verificar a súa adecuación á normativa, as súas características, e a veracidade das atribucións declaradas na etiquetaxe.

Actualmente o Laboratorio de Consumo de Galicia analiza e controla os produtos industriais, agrupados nas seguintes liñas de actuación:

- Sustancias perigosas en produtos de consumo
- Fibras e produtos téxtiles.
- Material de aparatos eléctricos e pequeno electrodoméstico.
- Xoguetes e material escolar.
- Artigos de puericultura.
- Produtos electrónicos.
- Máscaras no entorno COVID-19

O LCG é, polo tanto, o instrumento técnico do Instituto Galego de Consumo que permite, por unha banda, analizar os produtos obxecto de reclamacións dos consumidores e acadar a resposta adecuada na resolución dos conflitos, e por outra, detectar a presenza de produtos inseguros no mercado e comunicalo á rede de alerta nacional. Grazas a este instrumento, Galicia está á cabeza das Comunidades Autónomas na detección de produtos inseguros no mercado

O Laboratorio de Consumo de Galicia ten a acreditación da Entidade Nacional de Acreditación, ENAC desde o ano 2001 en diversos ensaios de produtos téxtiles e xoguetes segundo os criterios de aseguramento da calidade na realización de ensaios segundo a norma ISO/IEC 17025. No ano 2015 renovou unha vez máis esta acreditación e modificou e ampliou o seu alcance para adaptalo á actual normativa. A acreditación representa o recoñecemento formal da competencia técnica do Laboratorio e a máxima fiabilidade nos seus resultados.Galicia é a única Comunidade Autónoma de todo o Estado que conta cun Laboratorio Oficial de Consumo para produtos industriais, e o único Laboratorio Oficial deste tipo que conta con acreditación ENAC.

O laboratorio conta cunha dotación de persoal de 5 técnicos titulados, cun perfil multidisciplinar que abarca desde os licenciados en Ciencias Químicas ata os Enxeñeiros Industriais, ademais de persoal auxiliar e administrativo.

Documentación e ligazóns relacionadas

Presentación do Laboratorio de Consumo de Galicia (Galego)
(1.73 MB)

Memoria do Labotatorio de Consumo de Galicia 2020
(561.18 KB)

Ligazón ao documento de Ensaios acreditativos na web ENAC

Envío de suxestións e queixas

Source URL:https://consumo.xunta.gal/gl/lcg/laboratorio